FONDO SOCIAL EUROPEO

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral da Igualdade

CONCELLO DE SANTIAGO

Concellaría de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego

MEMORIA ANUAL

CIM DE SANTIAGO

DE

COMPOSTELA

ANO 2011

Ficha técnica

Localización					
Denominación	C.I.M DE SANTIAGO DE COMPOSTELA				
Titularidade	MUNICIPAL	Dependencia **(alcaldía, concellería...)**	Concellaría de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego.		
Enderezo	RÚA DE ISAAC DÍAZ PARDO, Nº2-4		**C.P.**	15705	
Localidade	SANTIAGO DE COMPOSTELA	**Provincia**	A CORUÑA		
Teléfonos	981- 542465	**Fax**	981- 542469		
Correo electrónico	cim@santiagodecompostela.org				
Área de influencia	SANTIAGO				
Ano de inicio de actividade	2005				
Períodos interrupción	NINGÚN				

Prestación do servizo	
Días e horario de atención a usuarias/os	DE LUNS A VENRES DE 8:00 A 15:00 HORAS
Días e horario de asesoramento xurídico	MARTES E VENRES DE 8.00 A 15:00 HORAS
Días e horario de atención psicolóxica	LUNS E MÉRCORES DE 8:00 A 15:00 HORAS
Días e horarios de atención social	LUNS E MÉRCORES DE 8.00 A 15:00 HORAS

Persoal			
Avogada **Tipo contrato/salario**	Datos contidos na solicitude e na xustificación da subvención 2011	**Directora**	NON
Psicóloga **Tipo contrato/salario**	Datos contidos na solicitude e na xustificación da subvención 2011.	**Directora**	NON

Outro persoal do CIM	**Cat. profesional/tipo contrato/salario bruto mensual**
UNHA DIRECTORA (LICENCIADA EN DEREITO). UNHA TRABALLADORA SOCIAL (LABORAL FIXO). UNHA ADMINISTRATIVA (LABORAL FIXO). DOUS AVOGADOS/AS (PROGRAMA DE COOPERACIÓN).	**Os datos relativos a este apartado, están incluídos na solicitude e na xustificación da subvención convocada pola Secretaría Xeral de Igualdade, ao abeiro da Resolución do 5 de abril de 2011.**

Orzamentos		
Custo anual (€)	**Financiamento propio (€)**	**Ingresos doutras administracións (tipo/finalidade/€)**
258.301,41 €		Para o programa CIM o concello non recibe máis axuda que a proporcionada a traves da convocatoria anual de subvencións da Secretaría xeral de Igualdade.

2. ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM).

Identificación da actividade	AXENDA 2011.									
Lugar e datas de realización	XANEIRO.									
Núm. de horas										
Núm. de participantes										
HOMES										
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	
MULLERES										
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	
PÚBLICO OBXECTIVO	COLECTIVOS, ASOCIACIÓNS E INSTITUCIÓNS QUE TRABALLAN NO EIDO DA IGUALDADE (1.500 persoas)									
Descrición do contido da actividade										
PUBLICACIÓN E ENVÍO DA AXENDA 2011: "VISIÓNS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO". ÓS DISTINTOS COLECTIVOS, ASOCIACIÓNS E INSTITUCIÓNS QUE TRABALLAN NO EIDO DA IGUALDADE. O DESEÑO GRÁFICO DE DITA AXENDA FOI REALIZADO POR "ESTUDIO DE COMUNICACIÓN VISUAL PATRICIA JOGA S.L E A IMPRESIÓN POLA IMPRENTA TORCULO.										
Valoración da actividade desenvolvida										
da entidade organizadora										
A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN DESTA AXENDA, TEN COMO OBXECTIVO LOGRAR UN MAIOR COÑECEMENTO SOBRE A ÁREA MUNICIPAL DE IGUALDADE, CUNHA PROXECCIÓN E PERMANENCIA DURANTE TODO O ANO.										
do público asistente										
Custo global da actividade:	**0 €**									

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM).

Identificación da actividade	ACTOS CONMEMORATIVOS DO DÍA 8 DE MARZO "DÍA INTERNACIONAL DA MULLER": PREMIO DE ENSAIO XOHANA TORRES (II EDICIÓN)
Lugar e datas de realización	PAZO DE RAXOI. 8 DE MARZO. 12:00 HORAS.
Núm. de horas	30 MINUTOS.

Núm. de participantes										
HOMES										
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	
MULLERES										
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	
PÚBLICO OBXECTIVO	PÚBLICO CONVIDADO									

Descrición do contido da actividade

FALLO DO PREMIO E RECEPCIÓN DA CONCELLEIRA DE IGUALDADE AOS COLECTIVOS MUNICIPAIS DE MULLERES.

O PREMIO DE INVESTIGACIÓN XOHANA TORRES FOI INSTITUCIONALIZADO POLA CONCELLARÍA DA MULLER DO CONCELLO DE SANTIAGO NO ANO 1993, CO OBXECTO DE CONTRIBUIR AO COÑECEMENTO DAS MULLERES QUE DESTACARON NALGÚN EIDO, TANTO NA ACTUALIDADE COMO NO PASADO, NA VIDA DA COMUNIDADE, NAS PRIMEIRAS DEZASETE EDICIÓNS; PREMIÁBASE O LABOR INÉDITO DA INVESTIGACIÓN REFERIDO A CALQUERA ASPECTO SOCIAL, HISTÓRICO OU HUMANO DA MULLER DENTRO DA COMUNIDADE GALEGA.

DESPOIS DA EXPERIENCIA DOS ÚLTIMOS ANOS, O PREMIO ÁBRESE AO ENSAIO TANTO LITERARIO COMO CIENTÍFICO PARA ABARCAR DIVERSAS DISCIPLINAS, PERO QUERENDO MANTER A ESENCIA POLA QUE SE CREOU O PREMIO, PODÉNDO PARTICIPAR TODAS AS PERSOAS DE MANEIRA INDIVIDUAL OU COLECTIVA, PRESENTEN OBRAS INÉDITAS E NON PREMIADAS CON ANTERIORIDADE. O CONTIDO DA OBRA ESTARÁ REFERIDO Á MULLER GALEGA, O SEU MUNDO E VIVENCIAS.

NESTA OCASIÓN, O XURADO POR UNANIMIDADE, DECIDE OUTORGARLLE O PREMIO DE ENSAIO XOHANA TORRES, NA SÚA II EDICIÓN (ANO 2011), AO TABALLO PRESENTADO BAIXO O LEMA "ARFREICE,", CO TÍTULO: "O MONTE É NOSO. CONFLITIVIDADE SOCIAL NO MEDIO RURAL GALEGO DURANTE O FRANQUISMO. O PAPEL DAS MULLERES NA DEFENSA DOS MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN".

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

DESPOIS DA EXPERIENCIA DOS ÚLTIMOS ANOS, DECÍDESE ABRIR O PREMIO AO ENSAIO TANTO LITERARIO COMO CIENTÍFICO PARA ABARCAR DIVERSAS DISCIPLINAS COMO A CIENCIA, A FILOSOFÍA, A HISTORIA, A ANTROPOLOXÍA, A LITERATURA... TENDO COMO OBXECTIVOS E PROTAGONISTAS ÁS MULLERES GALEGAS. QUERENDO MANTER A ESENCIA POLA QUE SE CREOU O PREMIO, EXPLORAR MÁIS A FONDO A REALIDADE, ACERCARMOS ÁS EXPERIENCIAS DAS MULLERES, COÑECER A SÚA VIDA, A SÚA HISTORIA, A SÚA RELACIÓN CO MEDIO... A TRAVES DO RAZOAMENTO CIENTÍFICO E DA IMAXINACIÓN ARTÍSTICA. HABENDO LEVADO A CABO A CONSECUCIÓN DE PARTE DOS OBXECTIVOS PLANTEXADOS REALIZASE UNHA VALORACIÓN MOI POSITIVA POR PARTE DA CONCELLARÍA DE IGUALDADE.

do público asistente

NIVEL DE PARTICPACIÓN MEDIO.

Custo global da actividade:	**3.000 €**

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM).

Identificación da actividade	ACTOS CONMEMORATIVOS DO DÍA 8 DE MARZO "DÍA INTERNACIONAL DA MULLER": HOMENAXE A OITO MULLERES QUE ABREN CAMIÑOS.
Lugar e datas de realización	HOSTAL DOS REIS CATÓLICOS 10 DE MARZO
Núm. de horas	2 HORAS

Núm. de participantes										
HOMES										
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	
MULLERES										
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	
PÚBLICO OBXECTIVO	PÚBLICO CONVIDADO									

Descrición do contido da actividade

ACTO HOMENAXE A OITO MULLERES QUE DESTACAN EN DIVERSOS ÁMBITOS DA SOCIEDADE.NESTA EDICIÓN ESCOLLEUSE A MULLERES CUNHA AMPLA BAGAXE DE TRABALLO SOCIAL E EN PROL DOS CIDADÁNS.

AS MULLERES HOMENAXEADAS FORON: MARÍA DOLORES ALVARIÑO ALEJANDRO (ORIENTADORA. TRABALLADORA ACTIVA NA PREVENCIÓN DO ABSENTISMO ESCOLAR); PASTORA GÓMEZ NIETO (PRESIDENTA DA ASOCIACIÓN DE VIÚVAS "ROSALÍA DE CASTRO"); TERESA LORD RODRÍGUEZ (ENFERMEIRA. PRESIDENTA DA ASOCIACIÓN DE DIABETES); ENCARNA OTERO CEPEDA (PROFESORA. COMPROMETIDA NA DEFENSA DA MULLER PARA A CONSECUCIÓN DA IGUALDADE); ESTHER PEDROSA CAÑETE (ATLETA COMPOSTELANA RECOÑECIDA INTERNACIONALMENTE); ANA ROMANÍ BLANCO (ESCRITORA E XORNALISTA); CONCEPCIÓN VALLADARES SOUTO (EMPRESARIA); ELENA VÁZQUEZ CENDÓN (PROFESORA E INVESTIGADORA DA USC).

A ENTREGA DE AGASALLOS CORREU A CARGO DE XOSÉ A. SÁNCHEZ BUGALLO (ALCALDE DO CONCELLO DE SANTIAGO) E MAR MARTÍN GARCÍA (CONCELLEIRA DELEGADA DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE).

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

CUMPRIUSE O OBXETIVO PRETENDIDO POLA CONCELLARÍA DE IGUALDADE DO CONCELLO DE SANTIAGO, QUE CONSISTÍA EN VISIBILIZAR O LABOR DESTAS MULLERES E POR DE RELEVO A CADA VEZ MAIOR PRESENZA FEMININA EN PROL DOS CIDADANS.

do público asistente

BOA ACOLLIDA POR PARTE DAS HOMENAXEADAS, POLO PÚBLICO CONVIDADO E POLOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN.

Custo global da actividade:	2.137,00 €

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM).

Identificación da actividade	CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO MOVEMENTO ASOCIATIVO E DE DEFENSA DA MULLER.
Lugar e datas de realización	SUBVENCIÓN ANUAL. BOP Nº 60 DE 29 DE MARZO.
Núm. de horas	

Núm. de participantes										
HOMES										
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	
MULLERES										
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	

PÚBLICO OBXECTIVO	ASOCIACIÓNS DE MULLERES, SECRETARÍAS DA MULLER DOS SINDICATOS E VOCALÍAS DA MULLER DAS ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DO CONCELLO.

Descrición do contido da actividade

CONVOCATORIA ANUAL DE CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E ACTIVIDADES A DESENVOLVER POLAS ASOCIACIÓNS DE MULLERES, SECRETARÍAS DA MULLER DOS SINDICATOS E VOCALÍAS DA MULLER DAS ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DO CONCELLO.

O OBXETIVO É FAVORECER O DESENVOLVEMENTO INTEGRAL DESTES COLECTIVOS, PROMOVER A SUA PARTICIPACIÓN ACTIVA EN TÓDOLOS ÁMBITOS E CONTRIBUIR A FACER EFECTIVA A IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES.

ESTE ANO BENEFICIÁRONSE DESTA SUBVENCIÓN 14 ENTIDADES.

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

do público asistente

Custo global da actividade:	**17.945 €**

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM).

Identificación da actividade	CURSO "ARTE E SAÚDE: ARTETERAPIA".
Lugar e datas de realización	CABES (CASA DAS ASOCIACIÓNS DE BENESTAR SOCIAL). CURSO: DO 6 DE ABRIL AO 25 DE MAIO.
Núm. de horas	16 HORAS. (8 SESIÓNS DE 2 HORAS).

Núm. de participantes

HOMES										
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	
MULLERES										
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	

PÚBLICO OBXECTIVO	NENOS E NENAS ENTRE 6 E 12 ANOS DE IDADE

Descrición do contido da actividade

ACTIVIDADE CONSISTENTE NA EXPERIENCIA DE VIVIR PROCESOS INTERNOS, SENTIMENTOS E EMOCIÓNS; ACHEGANDO ÁS PARTICIPANTES A TRAVÉS DE DIFERENTES TÉCNICAS PLÁSTICAS AO REDESCUBRIMENTO DAS SÚAS PROPIAS CAPACIDADES E HABILIDADES, DESENVOLVENDO A AUTOESTIMA EN UN ESPACIO DE DIÁLOGO E ENCONTRO A TRAVÉS DE PROCESOS CREATIVOS EN GRUPO.

OBXETIVOS:

- POTENCIAR O ESTADO DE SAÚDE E BENESTAR DAS MULLERES A TRAVÉS DO TRABALLO CREATIVO.
- FAVORECER O DESCUBRIMENTO PERSOAL DE PROCESOS INTERNOS.
- DESENVOLVER A AUTOESTIMA E A CAPACIDADE DE EXPRESIÓN.
- ENSAIAR CON DISTINTAS TÉCNICAS PLÁSTICAS.
- PROMOVER UN ESPAZO DE DIÁLOGO, ENCONTRO E INTEGRACIÓN.

CONTIDOS:

- A EXPRESIÓN A TRAVÉS DA COR E A MANCHA (ACUARELA, PASTEL).
- A EXPRESIÓN A TRAVÉS DO VOLUME (ARXILA).
- A EXPRESIÓN A TRAVÉS DO DEBUXO.

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

O CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER DA CONCELLARÍA DE IGUALDADE ORGANIZOU DITA ACTIVIDADE, VALORANDO A NECESIDADE DE MELLORAR A SAÚDE E BENESTAR DE USUARIAS/OS DO CIM.

AÍNDA SENDO CONSCIENTES DO NOVEDOSO DO CURSO POLA MESTURA DE ARTE E TERAPIA, PÓDESE CONCLUÍR DECINDO QUE OS OBXETIVOS FORON ACADADOS.

do público asistente

AS MULLERES ASISTENTES Ó CURSO PASÓUSELLES UN CUESTIONARIO NO CAL SE VALORARON:

- ASPECTOS XERAIS DO CURSO (ORGANIZACIÓN, ESPAZO FÍSICO, HORARIO E RECURSOS MATERIAIS).
- CONTIDOS (SE RESPONDERON ÁS EXPECTATIVAS).
- DOCENTE (METODOLOXÍA EMPREGADA, EXPOSICIÓN DE TEMAS, CAPACIDADE PARA MANTER O INTERESE, RELACIÓN DA USUARIA CO DOCENTE).
- PREGUNTAS CERRADAS DO TIPO: ¿APORTACIÓN DO CURSO A NIVEL PERSOAL?, ¿CON QUÉ TÉCNICA SE SENTIRON MÁIS E MENOS A GUSTO?, ¿EN QUÉ MELLORARÍAN O CURSO?.

DESTACAR QUE TENDO EN CONTA QUE A PUNTUACIÓN MÍNIMA POR ITEM FOI UN 1 E A MÁXIMA UN 4; A VALORACIÓNS MEDIAS DAS MULLERES ASISTENTAS Ó CURSO FOI 4.

Custo global da actividade:	2.312,81€

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM).

Identificación da actividade	COLABORACIÓN NAS VI XORNADAS DE FORMACIÓN EDUCACIÓN, XÉNERO E IGUALDADE.									
Lugar e datas de realización	FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN. 4, 5 E 6 DE MAIO									
Núm. de horas	30 HORAS									
Núm. de participantes										
HOMES										
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	
MULLERES										
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	
PÚBLICO OBXECTIVO	PÚBLICO EN XERAL: ESTUDIANTES E PROFESIONAIS.									

Descrición do contido da actividade

COA COLABORACIÓN NESTAS XORNADAS SE PRETENDE INCIDIR, POR UN LADO NA REALIDADE DAS DIVERSAS POLÍTICAS DE IGUALDADE, TAL E COMO SE PRESENTAN NA ACTUALIDADE, E EN QUE GRAO ENFLÚEN EN MÚLTIPLES ÁMBITOS, PARTICULARMENTE NO SOCIAL, LABORAL E SOCIOEDUCATIVO, E POR OUTRO, MOSTRAR AS ACHEGAS DAS MULLERES Á CIENCIA E A VISIBILIZACIÓN DE TALES ACHEGAS NOS DIFERENTES ÁMBITOS CIENTÍFICOS.

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

VALORACIÓN POSITIVA POR PARTE DA ENTIDADE ORGANIZADORA, XA QUE SE CONSEGUIU ABRIR UN ESPAZO DE REFLEXIÓN NO QUE CONFLUIRAN AS POLÍTICAS DE IGUALDADE E A VISIBILIZACIÓN DAS ACHEGAS DAS MULLERES AO ÁMBITO CIENTÍFICO, ENFOCADO DENDE AS DIFERENTES PERSPECTIVAS QUE CONFORMAN DITO ÁMBITO.

do público asistente

VALORACIÓN POSITIVA POR PARTE DO PÚBLICO, CON UN ALTO NIVEL DE PARTICIPACIÓN.

Custo global da actividade:	**3.000 €**

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM).

Identificación da actividade	CIRCUITOS DE CORRESPONSABILIDADE									
Lugar e datas de realización	22, 29 DE SETEMBRO E 6, 13 DE OUTUBRO.									
Núm. de horas	9 HORAS									
Núm. de participantes										
HOMES										
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	
MULLERES										
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	
PÚBLICO OBXECTIVO	ENTIDADES E ORGANIZACIÓNS EMPRESARIAIS E PERSOAS EN PARTICULAR (TOTAL DE 50 PERSOAS E COLABORACIÓN DE 6 ORGANIZACIÓNS DA CIDADE)									

Descrición do contido da actividade

A ACTIVIDADE CONSISTIU NA CELEBRACIÓN DE 4 XORNADAS FORMATIVO-INFORMATIVAS ITINERANTES CO OBXECTIVO DE DAR A COÑECER AS TENDENCIAS E PROSPECCIÓN EN MATERIA DE CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE.
O PÚBLICO DESTINATARIO FORON REPRESENTANTES DE ENTIDADES SIGNIFICATIVAS NO TECIDO ASOCIATIVO E EMPRESARIAL DE COMPOSTELA E PÚBLICO EN XERAL.

OS OBXECTIVOS MARCADOS ERAN OS SEGUINTES:

- COÑECER E VALIDAR NOVAS FORMAS DO EXERCICIO DA MASCULINIDADE
- POR EN VALOR AS MODIFICACIÓNS DE ROLES TRADICIONAIS DE HOMES E MULLERES.
- DIFUNDIR A NECESIDADE DA ADECUACIÓN INDIVIDUAL E SOCIAL ÁS NOVAS NECESIDADES VITAIS.
- INCORPORAR AOS VARÓNS AOS TRABALLOS DOMÉSTICOS E DE COIDADOS.

OS CONTIDOS PARA O DEBATE E O INTERCAMBIO DE PROPOSTAS FORON OS SEGUINTES:
1.- A SITUACIÓN DE HOMES E MULLERES NO ÁMBITO SOCIAL E LABORAL: A REPERCUSIÓN NO EMPREGO E CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE.
2.- MODELOS ACTUAIS: MITOS E REALIDADES DO USO DOS TEMPOS: RECURSOS EXISTENTES EN MATERIA DE CORRESPONSABILIDADE E CONCILIACIÓN; A RESPONSABILIDADE PÚBLICA E PRIVADA; MEDIDAS DE CONCILIACIÓN VIXENTES.
3.- EMPRESAS CORRESPONSABLES: COMPROMISO CO PILOTAXE EN MATERIA DE CONCILIACIÓN, BOAS PRÁCTICAS EMPRESARIAIS, AS MEDIDAS DE CONCILIACIÓN NO ÁMBITO EMPRESARIAL, FLEXIBILIDADE E PRODUCTIVIDADE, PROSPECCIÓN E TENDENCIAS DE FUTURO.

AS CATRO XORNADAS CELEBRARONSE NO POLÍGONO DO TAMBRE, NO HOTEL ARAGUANEY, NA ASOCIACIÓN DE HOSTALERÍA DE SANTIAGO E NO CERSIA MUNICIPAL.

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

do público asistente

A VALORACIÓN É POSITIVA DENDE O PUNTO DE VISTA DA TOTAL COLABORACIÓN DO TECIDO EMPRESARIAL E ASOCIATIVO DE COMPOSTELA. ALTA SENSIBILIDADE COA TEMÁTICA DA CONCILIACIÓN.

Custo global da actividade:	10.148,00 €

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM).

Identificación da actividade	CURSO "ARTE E SAÚDE: ARTETERAPIA".
Lugar e datas de realización	CABES (CASA DAS ASOCIACIÓNS DE BENESTAR SOCIAL). CURSO: DO 6 DE OUTUBRO AO 3 DE NOVEMBRO.
Núm. de horas	35 HORAS. (10 SESIÓNS DE 1:45 HORAS).

Núm. de participantes

HOMES	8									
por idade	**<18:**	8	**18-30:**		**30-40:**	1	**40-50:**		**> 50:**	
MULLERES	8									
por idade	**<18:**	8	**18-30:**		**30-40:**	6	**40-50:**	8	**> 50:**	5
PÚBLICO OBXECTIVO	NENAS/OS DE 6 A 11 ANOS									

Descrición do contido da actividade

ORGANIZADO POLA CONCELLARÍA DE FAMILIA, BENESTAR SOCIAL, MULLER E EMPREGO (A TRAVÉS DO CIM), E SUBVENCIONADO POLA SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA E POLO FONDO SOCIAL EUROPEO; INICIOUSE O CURSO ARTE E SAÚDE: ARTETERAPIA DIRIXIDO A NENOS/AS FILLOS /AS DE MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS :

- CREAR UN ESPAZO ONDE OS MENORES SE POIDAN EXPRESAR CON LIBERDADE.
- FAVORECER O DESCUBRIMENTO DA SÚAS PROPIAS CAPACIDADES, POTENCIANDO ASÍ A SÚA AUTOESTIMA.
- ASUMIR AS DIFERENZAS COMO CARACTERÍSTICAS PERSOAIS, DE MODO QUE TODOS E TODAS POIDAN APRENDER DE CADA PERSPECTIVA PERSOAL DIFERENTE.
- DESENROLAR FACULTADES QUE PUIDERAN ESTAR REPRIMIDAS.
- POTENCIAR RELACIÓNS INTERPERSOAIS SÁS E PROMOVER UN CORRECTO DESENVOLVEMENTO A NIVEL INDIVIDUAL.
- OFRECER UN REFERENTE SÁ, QUE FAVOREZA A RECUPERACIÓN DOS SEUS PROXECTOS VITAIS.

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

O CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER ORGANIZOU DITA ACTIVIDADE, VALORANDO A NECESIDADE DE MELLORAR A SAÚDE E BENESTAR DE USUARIAS/OS DO CIM.
AÍNDA SENDO CONSCIENTES DO NOVEDOSO DO CURSO POLA MESTURA DE ARTE E TERAPIA, PÓDESE CONCLUÍR DECINDO QUE OS OBXETIVOS FORON ACADADOS.

do público asistente

VALORACIÓN MOI POSITIVA POR PARTE DAS NAIS DOS NENOS/AS ASISTENTES.

Custo global da actividade:	2.438,01€

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM).

Identificación da actividade	ROTEIROS DE CORRESPONSABILIDADE									
Lugar e datas de realización	USC. DO DÍA 24 DE OUTUBRO AO DÍA 9 DE NOVEMBRO									
Núm. de horas	30 HORAS									
Núm. de participantes										
HOMES										
por idade	**<18:**	9	**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	
MULLERES										
por idade	**<18:**	4	**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	
PÚBLICO OBXECTIVO	ALUMNADO UNIVERSITARIO									

Descrición do contido da actividade

DACORDO CO OBXECTIVO XERAL DE CONSOLIDAR AS CANLES DE COOPERACIÓN INTERINSTITUCIONAL PARA ALCANZAR A IGUALDADE REAL E EFECTIVA ENTRE MULLERES E HOMES, ESTABLECIDO NA ESFERA DE COOPERACIÓN INSTITUCIONAL, DENTRO DO III PLAN DE IGUALDADE DO CONCELLO DE SANTIAGO, APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, NA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 20 DE OUTUBRO DE 2009, ORGANIZOUSE UN CURSO DE FORMACIÓN EN COLABORACIÓN COA OFICINA DE IGUALDADE DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

O CONTIDO DO CURSO, SE DIVIDE EN TRES MÓDULOS: MÓDULO TÉORICO SOBRE NOCIÓNS DE IGUALDADE DE 18 HORAS, MÓDULO PRÁCTICO DE PAUTAS BÁSICAS DE COCIÑA (6 HORAS) E OUTRO MÓDULO PRÁCTICO DE ITINERARIO TÉCNICO E DE REPARACIÓNS (6 HORAS).
DACORDO CO MESMO, O CONTIDO TEÓRICO SERÁ IMPARTIDO POLO PERSOAL TÉCNICO DA CONCELLERÍA DE FAMILIA, BENESTAR SOCIAL, MULLER E EMPREGO E OS CONTIDOS PRÁCTICOS REQUIREN DA CONTRATACIÓN EXTERNA DE PROFESORADO E INSTALACIÓNS ADECUADAS.

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

do público asistente

O ALUMNADO UNIVERSITARIO ASISTENTE PARTICIPOU ACTIVAMENTE NOS DIFERENTES MÓDULOS, CO QUE A IMPLEMENTACIÓN DA MESMA REALIZOUSE DE MANEIRA MÁIS DINÁMICA E INTERACTIVA. VALORACIÓN MOI POSITIVA.

Custo global da actividade:	2.552,13 €

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM).

Identificación da actividade	I FEIRA INTERNACIONAL DE EMPREGO									
Lugar e datas de realización	PAVILLON MULTIUSOS DO SAR. DÍAS 3 E 4 DE NOVEMBRO									
Núm. de horas	12 HORAS									
Núm. de participantes										
HOMES										
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	
MULLERES										
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	
PÚBLICO OBXECTIVO	30 EMPRESAS PARTICIPANTES E UN TOTAL DE 2400 PERSOAS INSCRITAS.									

Descrición do contido da actividade

ESTA FEIRA DE EMPREGO PRETENDEU CONVERTERSE NUN ESPAZO DE ENCONTRO E INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN ENTRE FUTUROS EMPREGADOS/AS E AS EMPRESAS E ENTIDADES PARTICIPANTES. ENTRE OS OBXECTIVOS MAÍS IMPORTANTES ESTIVO O DE OFERTAR ÁS PERSOAS QUE BUSCAN EMPREGO A OPORTUNIDADE DE OPTAR A PROCESOS DE SELECCIÓN PARA CUBRIR OFERTAS CONCRETAS DE TRABALLO.
A FEIRA ADEMAIS DE ACHEGAR A OFERTA E A DEMANDA, ABRIU ESPAZOS PARA OUTROS SERVIZOS ÁS PERSOAS QUE BUSCAN EMPREGO, BRINDÁNDOLLES FERRAMENTAS E SOLUCIÓNS PARA DESENVOLVER NOVAS HABILIDADES E COMPETENCIAS DEMANDADAS POLO MERCADO DE TRABALLO.

A FEIRA TIVO A SÚA ESPECIAL SENSIBILIDADE COA PROBLEMÁTICA ESPECÍFICA DA MULLER, A TRAVÉS DA COLABORACIÓN COA SECRETARIA XERAL DE IGUALDADE, IMPARTIRONSE DOUS OBRADOIROS: UN SOBRE A INTELIXENCIA EMOCIONAL E OUTRO SOBRE BÚSQUEDA ACTIVA DE EMPREGO E SE REALIZOU UNHA EXPOSICIÓN REALIZADA POLA USC-WOMAN EMPRENDE.

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

do público asistente

O NUMERO DE PERSOAS INSCRITAS REVELA O EXITO DA INICIATIVA.

	SEN CUSTE PARA O CIM

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM).

Identificación da actividade	ACTOS CONMEMORATIVOS DO DÍA 25 DE NOVEMBRO: DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO**. ESTA É A MIÑA MAN.**
Lugar e datas de realización	SANTIAGO DE COMPOSTELA. DÍAS 25 DE NOVEMBRO
Núm. de horas	15 DE PREPARACIÓN E 4 HORAS DE ACTO.

Núm. de participantes

HOMES										
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	
MULLERES										
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	

PÚBLICO OBXECTIVO	22 CENTROS EDUCATIVOS E 4.587 ALUMNOS E ALUMNAS

Descrición do contido da actividade

CADA PERSOA COAS SÚAS MANS PODE FACER FORZA, SEN EMBARGO, ÁS VECES NON PODE ABARCAR O SUFICIENTE, POR ISO, CO NOSO CAMIÑO SOLIDARIO FEITO COA PEGADA NO CHAN DE MOITAS MANS, MARCAREMOS O PERÍMETRO DO CASCO HISTÓRICO DE COMPOSTELA, PARA DEMOSTRAR QUE UNINDO AS NOSAS MANS, CHEGAMOS PARA FORMAR UN GRANDE CAMIÑO SOLIDARIO.

A FILOSOFÍA DA ACTIVIDADE, É DEMOSTRAR QUE COAS NOSAS MANS, UNIDAS UNHAS A OUTRAS, SE PODE CONSEGUIR E FORMAR UN GRAN CAMIÑO, POR ISO CADA ALUMNO E ALUMNA QUE COLABOROU CON NOS , REALIZA A PLANTILLA DA SÚA MAN E A VAN PEGANDO FORMANDO UN GRAN "CAMIÑO DE MANS SOLIDARIAS", QUE O PRÓXIMO DÍA 25, SE CONTEMPLOU NO CASCO HISTÓRICO DE SANTIAGO.

ESE MESMO DÍA, UN GRUPO DE 619 ESCOLARES, FIXERON ACTO DE PRESENZA E EN REPRESENTACIÓN DE TODO O COLECTIVO QUE PARTICIPOU NA ACTIVIDADE, COLOCARON AS SÚAS MANS SOLIDARIAS, CULMINANDO A ACTIVIDADE CONCENTRADOS NA PRAZA DO OBRADOIRO E GARDANDO UN MINUTO DE SILENCIO EN HOMENAXE ÁS VÍTIMAS DE VIOLENCIA MACHISTA, AO REDOR DAS 13.00 HORAS.

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

do público asistente

A VALORACIÓN FOI MOI POSITIVA, IMPLICAR AOS NENOS E NENAS DA NOSA CIDADE NUN ACTO DE HOMENAXE ÁS MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO E NO REXEITAMENTO SOCIAL A ESTA LACRA SOCIAL, TIVO UN CARÁCTER EXCEPCIONAL DADA A LABOR DE SENSIBILIDADE LEVADA A CABO COS FUTUROS ADULTOS E ADULTAS DE SANTIAGO.

Custo global da actividade:	**10.452,44 € (Actividade total 25 e 26 de novembro)**

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM).

Identificación da actividade	ACTOS CONMEMORATIVOS DO DÍA 25 DE NOVEMBRO: DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO. **ANDAINA SOLIDARIA**
Lugar e datas de realización	SANTIAGO DE COMPOSTELA. 26 DE NOVEMBRO
Núm. de horas	5

Núm. de participantes

HOMES										
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	
MULLERES										
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	

PÚBLICO OBXECTIVO	ENTIDADES DA CIDADE E PERSOAS PARTICULARES: 80 PERSOAS ENTRE MULLERES E HOMES.

Descrición do contido da actividade

ESTA ACTIVIDADE PRETENDEU SER UNHA HOMENAXE A TODAS AS MULLERES QUE SOFREN OU SUFRIRON SITUACIÓNS DE MALTRATO, A TRAVÉS DUNHA ANDAINA O SÁBADO DÍA 26 DE NOVEMBRO QUE PARTIU DENDE A *PRAZA DE LAVACOLLA ÁS 10.00 HORAS*, PASANDO POLO *MONTE DO GOZO AO REDOR DAS 11.30 HORAS* PARA INCORPORAR AQUELAS PERSOAS QUE O DESEXARON, CUNHA REPRESENTACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE SANTIAGO PARA ACOMPAÑAR AO GRUPO ATA A PRAZA DO OBRADOIRO, ONDE SE LEVARÁ A CABO UNHA CONCENTRACIÓN MULTITUDINARIA E UN MINUTO DE SILENCIO

SALIDA	HORA	RECORRIDO	KM	DURACIÓN
LAVACOLLA (praza de lavacolla)	10:00 h	Lavacolla – Praza Del Obradoiro	10,5 km	2h30´
MONTE DO GOZO (praza da fonte)	11:30 h	Monte Do Gozo- Obradoiro	4 Km	1h

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

do público asistente

VALORACIÓN MOI POSITIVA, A RESPOSTA SOCIAL Á ANDAINA E´UN ELEMENTO POSITIVO NA LOITA QUE INSTITUCIÓNS E PERSOAS PARTICULARES TEMOS NESTA LACRA SOCIAL QUE É A VIOLENCIA DE XÉNERO. A REPERCUSIÓN MEDIATICA DA ACTIVIDADE SUPÓN UN VALOR ENGADIDO NA SENSIBILIZACIÓN SOCIAL

Custo global da actividade:	**10.452,44 € (Actividade total 25 e 26 de novembro)**

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM).

Identificación da actividade	BANCO DO TEMPO								
Lugar e datas de realización	XESTIÓN DENDE A CONCELLARÍA DE IGUALDADE-CIM. REALIZACIÓN DURANTE OS 12 MESES,								
Núm. de horas									
Núm. de participantes									
HOMES									
por idade	**<18:**	0	**18-30:**	**4**	**30-40:**	**8**	**40-50:**	**10**	**> 50:**	**9**
MULLERES									
por idade	**<18:**	0	**18-30:**	**16**	**30-40:**	**9**	**40-50:**	**5**	**> 50:**	**5**
PÚBLICO OBXECTIVO	HOMES E MULLERES MAIORES DE 18 ANOS QUE RESIDAN OU BEN TRABALLEN NO MUNICIPIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.								

Descrición do contido da actividade

É UNHA INICIATIVA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA QUE PROMOVE O INTERCAMBIO DE SERVIZOS E COÑECEMENTOS ENTRE A POBOACIÓN. É POIS UN INSTRUMENTO PARA IMPULSAR A VIDA COMUNITARIA, FOMENTANDO VALORES SOLIDARIOS DE IGUALDADE E COOPERACIÓN. ESTÁ ENCAMIÑADO A RESOLVER NECESIDADES DA VIDA COTIÁ E MELLORAR A CALIDADE DE VIDA DA CIDADANÍA.

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

NECESIDADE DUNHA DEDICACIÓN MÁIS INTENSA AO CITADO PROXECTO E TAMÉN DUNHA MAIOR DIFUSIÓN DA INICIATIVA.

do público asistente

MOITO INTERESE POR PARTE DA POBOACIÓN NESTA INICIATIVA, PROBLEMAS NA PARTICIPACION POSTERIOR E DIFICULTADES DE DINAMIZACIÓN.

Custo global da actividade:	O €

3. COMENTARIOS OU OBSERVACIÓNS SOBRE AS FUNCIÓNS DO CIM.

O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA ACORDA A CREACIÓN DUN CIM (CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER) EN VIRTUDE DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 30 DE DECEMBRO DE 2004 E O 19 DE MAIO DE 2005 OBTÉN A ACREDITACIÓN COMO TAL. DESTA FORMA INTEGRASE NA REDE DE CIMS E REGÚLASE O SEU FUNCIONAMENTO POLO DECRETO 182/2004, DO 22 DE XULLO.
O CONCELLO DE SANTIAGO, NO OBSTANTE, VIÑA REALIZANDO FUNCIÓNS DE INFORMACIÓN, ASESORAMENTO E DE LOITA CONTRA A DESIGUALDADE DE XÉNERO E PROMOCIÓN DA PARTICIPACIÓN DA MULLER DENDE O ANO 1992.

A TRAVÉS DO C.I.M. PRETÉNDESE:

- DETECTAR AS CAUSAS REAIS DA DESIGUALDADE E LOITAR EFICAZMENTE CONTRA ELAS, PROMOVENDO A IGUALDADE DA MULLER E MELLORANDO A SÚA CONDICIÓN NO ÁMBITO LABORAL, FAMILIAR, DE SAÚDE, EDUCACIÓN, CULTURA, ETC.
- PREVIR E LOITAR CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, XA QUE ESTA É O RESULTADO MÁIS TRÁXICO DA DESIGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES.
- POTENCIAR A INFORMACIÓN DOS RECURSOS DISPOÑIBLES, COMO: PRESTACIÓNS, PROGRAMAS, XESTIÓNS, CURSOS DE FORMACIÓN, ORIENTACIÓN LABORAL E PROFESIONAL, ETC, ONDE UNHA ASESORA XURÍDICA, UNHA PSICÓLOGA E UNHA TRABALLADORA SOCIAL ASISTEN E ASESORAN ÁS DEMANDAS DAS MULLERES DESTE CONCELLO.

O C.I.M DESENVOLVE DOUS TIPOS DE ACTUACIÓNS: ASISTENCIAIS E COMUNITARIAS.

AS ACTUACIÓNS ASISTENCIAIS CONSISTEN EN: A ATENCIÓN INDIVIDUALIZADA E CONFIDENCIAL DAS MULLERES A TRAVÉS DA AVOGADA, PSICÓLOGA E TRABALLADORA SOCIAL, NA QUE SE TRABALLA EN ASESORÍA XURÍDICA, ASISTENCIA PSICOLÓXICA E ATENCIÓN SOCIAL. ESTA ATENCIÓN COMPLEMÉNTASE CO RESTO DO EQUIPO DE PERSOAL DA CONCELLARÍA DE BENESTAR SOCIAL E MULLER: TRABALLADORAS SOCIAIS , EDUCADORAS FAMILIARES, UNIDADE DE ATENCIÓN A FAMILIA (UAF), UNIDADE MUNICIPAL DE ATENCIÓN A DROGODEPENDENCIAS (UMAD) E UNIDADE DE ATENCIÓN ÁS MIGRACIÓNS (UAMI).

AS ACTUACIÓNS COMUNITARIAS PRETENDEN: PROMOVER A PARTICIPACIÓN SOCIOCULTURAL DA POBOACIÓN FEMININA DESTE CONCELLO A TRAVÉS DE CHARLAS, CONFERENCIAS, CURSOS, REPRESENTACIÓNS TEATRAIS, PREMIOS; CO FIN DE DIFUNDIR E SENSIBILIZAR Á POBOACIÓN EN XERAL DO PRINCIPIO DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES.

TENDO EN CONTA QUE O CIM, CRÉASE CO PROPÓSITO DE ATENDER AS DEMANDAS DA POBOACIÓN E, EN CONCRETO, PARA ARTICULAR OS MECANISMOS NECESARIOS PARA FACER VALER OS DEREITOS DAS MULLERES E IMPLICAR Á COMUNIDADE, NO SEU CONXUNTO, NA CONSECUCIÓN DA REFERIDA IGUALDADE.

EN ARAS DE LEVAR A CABO E CUMPRIR CO OBXECTIVOS DA SÚA CREACIÓN, O CIM ADEMAIS DOS PROGRAMAS BÁSICOS DE ACTUACIÓN EXPLICADOS E QUE TEÑEN UN CARÁCTER ESTABLE; PUXO EN MARCHA DIVERSOS SERVIZOS PROPIOS, CON UN CARÁCTER TAMÉN ESTABLE; E QUE EXPLICAREMOS A CONTINUACIÓN:

- SERVIZO DE ATENCIÓN DOMICILIARIA Á INFANCIA
- SERVIZO DE TELEASISTENCIA MÓBIL PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO.
- PROGRAMA VAGALUME: PISO DE ACOLLIDA “O NOSO LAR”.

SERVIZO DE ATENCIÓN DOMICILIARIA Á INFANCIA

ESTE SERVICIO CREADO NO ANO 2002 ADÍCABASE EXCLUSIVAMENTE AO COIDADO DA PROLE DAS MULLERES QUE TENTAN AMPLIAR A SÚA FORMACIÓN CARA A UNHA MELLOR INSERCIÓN LABORAL, MULLERES QUE SEGUEN ALGÚN ITINERARIO FORMATIVO E MULLERES QUE REALIZAN UNHA INSERCIÓN LABORAL INCOMPATIBLE CO COIDADO DOS/AS MENORES.

O SERVIZOS PODÍAN TER UN CARÁCTER INDIVIDUAL, REALÍZABASE NA CASA DA PERSOA BENEFICIARIA OU COLECTIVO, REALIZADO EN LOCAIS SOCIAIS OU SOCIOCULTURAIS.

O SERVIZO ERA COMO MÁXIMO DE CINCO HORAS DIARIAS. DENDE O ANO 2006 RECÓLLENSE SERVIZOS NOCTURNOS E DE FIN SEMANA, MOTIVADOS POR SITUACIÓNS LABORAIS.

OS OBXECTIVOS FORMULADOS CON ESTES SERVIZOS SON:

- FOMENTAR A FORMACIÓN ACADÉMICA E OCUPACIONAL DAS MULLERES.
- FAVORECER A INCORPORACIÓN DA MULLER AO EMPREGO.
- POTENCIAR E FACILITAR A PARTICIPACIÓN DAS MULLERES NAS ACTIVIDADES DE ASOCIACIONISMO.

- DATOS DO SERVIZO DE ATENCIÓN DOMILICIARIA Á INFANCIA DURANTE O ANO 2011, TENDO EN CONTA QUE O CONTRATO COA EMPRESA ADXUDICATARIA REMATOU EN ABRIL DE 2011

Nº de persoas beneficiarias do servizo	**3**
Nº de nenas/os beneficiarios do servizo	**5**
Nº de servizos individuais	**3**
Nº de servizos comunitarios	**0**

SERVIZO DE TELEASISTENCIA MÓBIL PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DOMÉSTICA

O CONCELLO DE SANTIAGO A TRAVÉS DO CIM, SOLICITOU A ADHESIÓN DESTA CORPORACIÓN AO SERVIZO DE TELEASISTENCIA MÓVIL PARA VITIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO NO ANO 2005.

DESCRIPCIÓN DO SERVIZO:

ESTE PROGRAMA OFRECE ÁS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO, QUE CONTE CON ORDEN DE PROTECCIÓN UNHA ATENCIÓN INMEDIATA E A DISTANCIA.

O SERVIZO SE BASA NA UTILIZACIÓN DAS TECNOLOGÍAS DE COMUNICACIÓN TELEFÓNICA MÓVIL E DE TELELOCALIZACIÓN.

O OBXECTIVO PRIMORDIAL DO SERVIZO

- GARANTIR UNHA ATENCIÓN INMEDIATA E ADECUADA ANTE SITUACIÓNS DE EMERXENCIA.

CARACTERÍSTICAS DOS TERMINAIS

OS TERMINAIS DE USUARIA PERMITEN:

- A LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA DA USUARIA
- A COMUNICACIÓN TELEFÓNICA DE VOZ (VIA GSM)

O NÚMERO DE TERMINAIS ACTIVOS ASCENDE A 8

SERVIZO SEN CUSTO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A ASOCIACIÓN CÁRITAS DIOCÉSANA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. PROGRAMA VAGALUME: PISO DE ACOLLIDA: "O NOSO LAR".

NO ANO 2008 ASINOUSE UN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO E A ASOCIACIÓN CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO PARA LEVAR A CABO O PROXECTO DO PISO DE ACOLLIDA: "O NOSO LAR" DENTRO DO PROGRAMA VAGALUME.

O PROXECTO DO PISO DE ACOLLIDA "O NOSO LAR " OFRECE RESPOSTA ÁS MULLERES QUE VIVINDO OU TENDO VIVIDO EN CONTEXTOS DE PROSTITUCIÓN, PASAN POR UNHAS ESPECIAIS DIFICULTADES OU, POR UNHA SITUACIÓN DE RISCO, QUE IMPIDEN A SÚA AUTONOMÍA, REQUIRINDO DUNHA INTERVENCIÓN ESPECÍFICA E DUN ALOXAMENTO SEGURO. DESTE XEITO O PROXECTO DO PISO DE ACOLLIDA INTÉGRASE DENTRO DO PROGRAMA DE ATENCIÓN ESPECIALIZADA Á MULLER EXCLUÍDA OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL "VAGALUME".

O NÚMERO DE BENEFICIARIAS DO PROXECTO É DE SEIS MULLERES (ASÍ COMO OS SEUS FILLOS/AS MENORES QUE CONVIVAN CON ELAS E SE ATOPEN EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE SOCIAL).

OS OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PROXECTO CONCRÉTANSE EN:

- DAR APOIO PROFESIONAL DE URXENCIA.
- PROPORCIONAR ALOXAMENTO EN SITUACIÓNS DE EMERXENCIA.
- PROPORCIONAR UNHA VIVENDA SEGURA ÁS MULLERES VÍTIMAS DO TRÁFICO DE PERSOAS PARA Á EXPLOTACIÓN SEXUAL.
- PRESTAR ATENCIÓN PSICOLÓXICA, MÉDICA, SOCIAL E XURÍDICA ÁS MULLERES DESTINATARIAS DO PROXECTO.
- PROPICIAR A MELLORA DA SÚA CALIDADE DE VIDA.
- APOIAR PROCESOS DE RETORNO DAS MULLERES AOS SEUS PAÍSES DE ORIXE.
- APOIAR PROCESOS DE INTEGRACIÓN SOCIAL E LABORAL NO NOSO PAÍS.

CUSTO: 17.000,00 €

4. SUXESTIÓNS.

DENDE A UNIDADE TÉCNICA DE IGUALDADE (CIM) OBSÉRVASE A NECESIDADE DE QUE A FORMACIÓN ON LINE QUE SE OFERTA AO PERSOAL DOS CIM DENDE A SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE SE LEVE A CABO A TRAVÉS DUN PLANO DE FORMACIÓN ANUAL, PAUTADO A INICIOS DE ANO, PARA QUE DITA FORMACIÓN NON SE REDUZA COMO BEN SENDO HABITUAL NO ÚLTIMO TRIMESTRE DO ANO.

TAMEN SE OBSERVA A NECESIDADE DE ESTABLECER PROTOCOLOS DESTINADOS A COORDINAR E OPTIMIZAR AS ACTUACIÓNS EN MATERIA DE VIOLENCIA DE XÉNERO.

5. RELACIÓNS CON OUTRAS ENTIDADES.

- CENTROS DE INFORMACIÓN Á MULLER DE GALICIA.
- CHUS (CENTRO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO).
- UNIDADES SAÚDE MENTAL.
- CENTROS DE SAÚDE DE ATENCIÓN PRIMARIA.
- UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
- INSTITUTOS DE ENSINO SECUNDARIO E BACHERELATO.
- CENTROS DE EDUCACIÓN PRIMARIA .
- XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN Nº 3 DE SANTIAGO.
- XULGADOS DO PENAL Nº1 E Nº2 DE SANTIAGO.
- GRUPO DE VIOLENCIA INTRAFAMILIAR DA POLICÍA AUTONÓMICA.
- GARDA CIVIL.
- POLICÍA LOCAL.
- POLICÍA NACIONAL: UPAP (UNIDADE DE PREVENCIÓN, AUXILIO E PROTECCIÓN CONTRA OS MALOS TRATOS Á MULLER). SAF (SERVIZO DE ATENCIÓN Á FAMILIA DA POLICÍA XUDICIAL).
- CENTROS PENITENCIARIOS DE TEIXEIRO E MONTERROSO.
- PROXECTO HOME.
- ASOCIACIÓNS DE MULLERES, SECRETARÍAS DA MULLER DOS SINDICATOS E VOCALÍAS DA MULLER DAS ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DO CONCELLO.
- CONCELLERÍAS DE SERVIZOS SOCIAIS DOS CONCELLOS DA COMARCA DE SANTIAGO.
- COLEXIO DE PSICÓLOGOS DE GALICIA.
- COLEXIOS E AVOGADOS DE SANTIAGO, CORUÑA E FERROL.
- COLEXIO DE DIPLOMADOS EN TRABALLO SOCIAL E ASISTENTES SOCIAIS DE GALICIA.
- SERVIZO DE ORIENTACIÓN XURÍDICA DO COLEXIO DE AVOGADOS DA CORUÑA.
- SERVIZO DE EXTRANXEIRÍA DA POLICÍA NACIONAL.

- FISCALÍA.
- FUNGA.
- IMELGA.
- EXCMA. DEPUTACIÓN DA CORUÑA.
- PUNTO DE ENCONTRO (GOF. XUNTA DE GALICIA).
- SERVIZO GALEGO DE IGUALDADE.
- SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE DA VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR.
- CÁRITAS INTERPARROQUIAL.
- CENTRO VAGALUME DE ATENCIÓN Á PROSTITUCIÓN.

6. RELACIÓNS COS MEDIOS DE COMUNICACIÓN.

TODAS AS ACTIVIDADES REALIZADAS DESDE O CIM, FORON DIVULGADAS A TRAVÉS DA PÁXINA WEB DO CONCELLO, DE PRENSA ESCRITA, RADIO E TELEVISIÓN, CARTELERÍA E CARTAS.

EN PRENSA ESCRITA, OS DIARIOS MÁIS UTILIZADOS SON: “LA VOZ DE GALICIA” E “EL CORREO GALLEGO” .

EN RADIO, AS EMISORAS MÁIS UTILIZADAS SON: “LA CADENA SER”, “CADENA DIAL” E “A RADIO GALEGA”.

EN TELEVISIÓN, AS CANLES MÁIS UTILIZADAS SON: “A GALEGA”, “LOCALIA” E “CORREO TELEVISIÓN”.

NO PUNTO OITO DESTA MEMORIA ADXUNTASE REVISTA DE PRENSA.

7. FORMACIÓN CONTINUA DO PERSOAL DO CIM.

DIRECCIÓN

- Aplicación Informática XIESS. Concello de Santiago. (20 horas).
- Intervención específica con poboación inmigrante. Concello de Santiago. (20 horas).

ASESORA XURÍDICA

- Curso Básico de Prevención de Riscos Laborais para posto de Traballo. Concello de Santiago. (3 horas).
- Xornada "Carreira profesional na administración pública". Concello de Santiago. (4 horas).
- "Materiais sobre lexislación: Lei Xeral de Subvencions". FEMP. (12 horas).
- Curso de Intervención en Emerxencias e Catástrofes. Concello de Santiago. (8 horas).
- Curso de Intervención específica con poboación inmigrante. Concello de Santiago. (20horas).
- Curso Lei Orgánica de Protección de datos nivel medio. Concello de Santiago de Compostela. (20 horas).
- Curso Aplicación Informática Xiess. Concello de Santiago de Compostela. (20 horas).
- Obradoiro de redacción de documentos en galego. Concello de Santiago de Compostela. (20 horas).
- Curso Vivenda Pública. Concello de Santiago de Compostela. (20 horas).
- Curso Lei de dependencia. Concello de Santiago de Compostela. (20 horas).
- Curso Marco Normativo do Voluntariado en Galicia. Subdirección Xeral de Voluntariado e Participación. Xunta de Galicia. (25 horas).
- VI Xornadas de Formación : Educación, Xénero e Igualdade. CIFEX. Universidade de Santiago. (30 horas).
- Curso de Patrimonio das AAPP, réxime e xestión.Concello de Santiago de Compostela. (40 horas).

- Voluntariado en Cooperación e Desenvolvemento. Subdirección Xeral de Voluntariado e Participación. Xunta de Galicia. (30 horas). (En proceso de realización).
- Voluntariado e Participación Social para a dinamización do medio rural. Subdirección Xeral de Voluntariado e Participación. Xunta de Galicia. (30 horas). (En proceso de realización).
- Curso Muller e Dereito de Familia. Secretaría Xeral de Igualdade. Xunta de Galicia . (60 horas).
- Curso Liderar en Clave de Xénero. Secretaría Xeral de Igualdade. Xunta de Galicia . (60 horas).
- Curso de Gestión Administrativa de Recursos Humanos en las Administraciones Públicas. Federación de Servicios a la Ciudadanía de Comisiones Obreras (AFEDAP). (130 horas).
- Técnico en servicios sociocomunitarios: atención a la dependencia e infancia. FEGAMP. (75 horas).
- Xénero e Discapacidade. Secretaría Xeral de Igualdade. Xunta de Galicia . (60 horas). (En proceso de realización).

PSICÓLOGA

- Aproximación Psicolóxica á violencia de xénero. Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia. (60 horas).
- VI Xornadas de Formación : Educación, Xénero e Igualdade. CIFEX. Universidade de Santiago. (30 horas).

- Liderar en clave de xénero. Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia. (60 horas).
- Aplicación Informática XIESS. Concello de Santiago. (20 horas).
- Xornada: Día Internacional contra a explotación sexual e a trata de persoas. Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia. (4,5 horas).
- Prevención de riscos Laborais. Concello de Santiago. (3 horas).
- Intervención específica con poboación inmigrante. Concello de Santiago. (20 horas).
- Axente de Igualdade de Oportunidades. FEGAMP. (75 horas).
- Conciliación da vida laboral e familiar. Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade. (30 horas).
- I Congreso Internacional: Violencia de Xénero y Xustiza. USC (18 horas).
- Xénero e Discapacidade. Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia. (60 horas). En proceso de realización.

TRABALLADORA SOCIAL

- VI Xornadas de Formación : Educación, Xénero e Igualdade. CIFEX. Universidade de Santiago. (30 horas).
- Liderar en clave de xénero. Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia. (60 horas).
- Aplicación Informática XIESS. Concello de Santiago. (20 horas).
- Xornada: Día Internacional contra a explotación sexual e a trata de persoas. Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia. (4,5 horas).
- Xénero e Discapacidade. Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia. (60 horas). En proceso de realización.

ADMINISTRATIVA

- VI Xornadas de Formación : Educación, Xénero e Igualdade. CIFEX. Universidade de Santiago. (30 horas).
- Gestión administrativa de Recursos humanos en las Administraciones públicas (On Line) 150 horas.
- Curso de Xestión de Nóminas e IRPF (On Line) 40 horas
- Ley Orgánica Protección de Datos Medio: 30 horas
- Patrimonio de las AAPP. Régimen y Gestión: 30 horas
- VI Xornadas de formación de educación, xénero e igualdade: O reto da igualdade das mulleres e do xénero en épocas de crise. Perspectivas múltiples (30 horas) CIFEX. USC 2011

8. ANEXOS.

A CONTINUACIÓN ADXÚNTASE REVISTA DE PRENSA E TODO O MATERIAL EMPREGADO PARA A DIVULGACIÓN E REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLO CIM DEPENDENTE DA CONCELLARÍA DE IGUALDADE (1 DE XANEIRO AO 2 DE XULLO) E DA CONCELLARÍA DE FAMILIA, BENESTAR SOCIAL, MULLER E EMPREGO (2 DE XULLO AO 31 DE DECEMBRO).